

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE FACENDA

10921 *REAL DECRETO 1088/2000, do 9 de xuño, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas e o Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de retencións sobre arrendamentos ou subarrendamentos de inmobles.* («BOE» 139, do 10-6-2000.)

Este real decreto modifica os regulamentos do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades coa finalidade de rebaixar do 18 ó 15 por 100 o tipo que se aplica para determina-lo importe da retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos.

A modificación vén esixida polas recentes sentencias do Tribunal Supremo do 2 e 18 de marzo de 2000, que anularon os preceptos dos ditos regulamentos que establecían o tipo de retención no 18 por 100.

Para establece-lo novo tipo de retención tívose presente a doutrina que o Alto Tribunal elaborou en relación co réxime das retencións á conta dos impostos persoais, así como outras consideracións de política tributaria e económica. En particular, o propósito de reduci-la contía deste pagamento á conta en termos compatibles co obxectivo de equilibrio orzamentario.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2000,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 93 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 93 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo artigo único do Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«Artigo 93. *Importe das retencións sobre arrendamentos e subarrendamentos de inmobles.*

A retención que se practicará sobre os rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos, calquera que sexa a súa cualificación, será o resultado de aplica-la porcentaxe do 15 por 100 sobre tódolos conceptos que se satisfagan ó arrendador, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta porcentaxe dividirse por dous cando o inmovible urbano estea situado en Ceuta ou Melilla, nos termos previstos no artigo 55.4 da Lei do imposto.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades.*

O punto 1 do artigo 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo artigo 1 do Real decre-

to 537/1997, do 14 de abril, queda redactado como segue:

«1. A porcentaxe á que se debe efectua-la retención ou o ingreso á conta será, con carácter xeral, o 18 por 100.

No caso de arrendamento e subarrendamento de inmobles urbanos, a porcentaxe será o 15 por 100. A dita porcentaxe dividirse por dous cando se trate de rendas procedentes de inmobles urbanos situados en Ceuta, Melilla ou as súas dependencias, obtidas por entidades domiciliadas nos ditos territorios ou que operen neles mediante establecemento ou sucursal.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

10922 *REAL DECRETO 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.* («BOE» 139, do 10-6-2000.)

O Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, aprobou a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais, modificado posteriormente polos reais decretos 1424/1982, do 18 de xuño; 2353/1986, do 10 de outubro; 1426/1988, do 25 de novembro; 1809/1991, do 13 de decembro, e 431/1999, do 12 de marzo.

O Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro, establece no seu único anexo a relación dos produtos alimenticios que deberán ser obxecto de lexislación específica mediante regulamentacións técnico-sanitarias. Nesa relación figuran, entre outros, os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.

Por iso, para garantir, por unha parte, que estes produtos satisfán as necesidades nutricionais particulares das persoas afectadas por unha enfermidade, trastorno ou afección específicos ou desnutridas pola súa causa e que, por outra, os ditos produtos se administran baixo supervisión médica, coa asistencia doutros profesionais sanitarios e que ademais, dada a súa natureza e destino, a súa etiquetaxe debe ter establecidas regras específicas que incorporen excepcións e adicións á norma xeral de

etiquetaxe dos produtos alimenticios, a Comisión Europea adoptou, recentemente, a Directiva 1999/21/CE, do 25 de marzo, sobre alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais.

Non obstante, existen outros produtos dietéticos que pola súa composición e finalidade non están incluídos no ámbito de aplicación do presente real decreto, tal é o caso dos alimentos para prematuros e alimentos de moi baixo valor enerxético para a perda de peso, respecto dos cales a Comisión puxo de manifesto na acta da 69.^a Reunión do Comité Permanente de Produtos Alimenticios, que non están regulados pola citada Directiva 1999/21/CE. Para os ditos produtos os requisitos específicos estableceranse posteriormente, permanecendo suxeitos ós requisitos xerais que para os produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial están determinados no Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, e as súas modificacións posteriores.

Mediante esta disposición, que se dicta ó abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, e de acordo co establecido nos artigos 40.2 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, excepto o artigo 6, que se dicta en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de comercio exterior e sanidade exterior, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución e de acordo co artigo 38 da citada Lei 14/1986, do 25 de abril, procédese a incorporar-la citada directiva ó noso ordenamento xurídico.

Na elaboración deste real decreto foron oídos os sectores afectados e emitiuse o preceptivo informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2000,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto establece os requisitos de composición e etiquetaxe que deben cumprilo alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais definidos no artigo 2 e presentados como tales.

Artigo 2. *Definicións e clasificación.*

1. Para efectos da presente disposición entenderase por:

a) «Lactante», un neno de idade inferior a doce meses.

b) Os «alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais» son aqueles alimentos destinados a unha alimentación especial e que foron elaborados ou formulados especialmente para o tratamento dietético de pacientes baixo supervisión médica. Estes alimentos están destinados a satisfacer total ou parcialmente as necesidades alimenticias dos pacientes cunha capacidade para inxerir, dixerir, absorber, metabolizar ou excretar alimentos normais ou determinados nutrientes ou metabolitos deles limitada ou deficiente ou que teñan esta capacidade alterada, ou ben que necesiten outros nutrientes determinados clinicamente, cando o seu tratamento dietético non poida efectuarse unicamente modificando a dieta normal, con outros alimentos destinados a unha alimentación especial, ou mediante ambas cousas.

2. Os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais clasifícanse nas seguintes categorías:

a) Alimentos completos cunha formulación en nutrientes normal que, se se consomen de acordo coas

instrucións dos fabricantes, poden constituí-la única fonte de alimento para as persoas ás que van destinados.

b) Alimentos completos cunha formulación en nutrientes específica adaptada para determinadas enfermidades, trastornos ou afeccións que, se se consomen de acordo coas instrucións dos fabricantes, poden constituí-la única fonte de alimento para as persoas ás que van destinados.

c) Alimentos incompletos cunha formulación normal ou unha formulación de nutrientes específica adaptada para determinadas enfermidades, trastornos ou afeccións, que non son adecuados para servir de alimento exclusivo.

Os alimentos recollidos nas alíneas a) e b) deste número poden, así mesmo, utilizarse como substitutivo parcial ou complemento da dieta do paciente.

Artigo 3. *Elaboración e composición.*

1. A formulación dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais basearase en principios médicos e nutricionais sólidos. O consumo destes alimentos de acordo coas instrucións dos fabricantes será seguro e beneficioso e satisfará eficazmente as necesidades nutricionais particulares das persoas ás que vaian destinados, tal como demostren datos científicos xeralmente aceptados.

2. Os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais deberán cumprilo criterios de composición especificados no anexo.

Artigo 4. *Etiquetaxe, presentación e publicidade.*

1. Na etiquetaxe dos produtos obxecto deste real decreto deberán figura-los seguintes datos:

a) A denominación de venda, que será «Alimento dietético para usos médicos especiais».

b) A lista de ingredientes.

c) A cantidade neta.

d) A data de duración mínima ou a data de caducidade, no caso de alimentos moi perecedoiros por razóns microbiolóxicas.

e) As condicións especiais de conservación e utilización.

f) O nome ou a razón social e o enderezo do fabricante ou do envasador ou dun vendedor establecido na Unión Europea.

g) O lugar de orixe ou de procedencia nos casos en que a súa omisión poida inducir a erro o consumidor sobre a orixe ou a procedencia real do produto.

h) O valor enerxético dispoñible expresado en kJ e en kcal e o contido en proteínas, hidratos de carbono e graxas, expresado en cifras, por 100 g ou por 100 ml do produto ofrecido para a venda e, se é o caso, por 100 g ou 100 ml do produto listo para o consumo segundo as instrucións do fabricante. Esta información poderá, así mesmo, facilitarse por dose cuantificada na etiqueta ou por porción, sempre e cando se especifique o número de porcións contidas no seu interior.

i) A cantidade media presente no produto de cada substancia mineral e de cada vitamina mencionada no anexo, expresada en cifras por 100 g ou por 100 ml do produto ofrecido para a venda e, se é o caso, por 100 g ou 100 ml do produto listo para o consumo, segundo as instrucións do fabricante. Esta información poderá, así mesmo, facilitarse por dose cuantificada na etiqueta ou por porción, sempre e cando se especifique o número de porcións contidas no seu interior.

j) O contido de proteínas, hidratos de carbono, graxas ou outros nutrientes e os seus compoñentes que sexa necesario declarar para usa-lo produto apropiadamente na forma prevista, expresado en cifras por 100 g

ou por 100 ml do produto ofrecido para a venda e, se é o caso, por 100 g ou 100 ml do produto listo para o consumo, segundo as instrucións do fabricante. Esta información poderán, así mesmo, facilitarse por dose cuantificada na etiqueta ou por porción, sempre e cando se especifique o número de porcións contidas no seu interior.

k) Información sobre a osmolalidade ou a osmolalidade do produto, segundo proceda.

l) Información sobre a orixe e a natureza das proteínas e dos hidrolizados proteicos contidos no produto.

2. Na etiquetaxe figurarán ademais obrigatoriamente os seguintes datos, precedidos polas palabras «aviso importante» ou o seu equivalente:

a) Unha declaración na que se diga que o produto debe utilizarse baixo supervisión médica.

b) Unha declaración na que se diga se o produto é ou non adecuado para ser consumido como única fonte de alimento.

c) Se procede, unha declaración na que se diga que o produto vai destinado a un grupo de idade específico.

d) Se procede, unha declaración na que se diga que o produto pode prexudicarlle a saúde das persoas que o consuman sen estaren afectadas por algunha das enfermidades, trastornos ou afeccións para os que vaia destinado.

3. Na etiquetaxe figurará así mesmo:

a) A declaración «Para o tratamento dietético de...» na que o espazo en branco se completará coas enfermidades, trastornos ou afeccións para as que vaia destinado.

b) Se procede, unha declaración sobre as precaucións adecuadas e as contraindicacións.

c) Unha descrición das propiedades e características pertinentes que expliquen a utilidade do produto, en particular no que se refire ós nutrientes que fosen engadidos, reducidos, eliminados ou modificados doutra forma, así como a xustificación para o seu uso.

d) Se procede, unha advertencia de que o produto non debe administrarse por vía parenteral.

4. Na etiquetaxe figurarán as instrucións adecuadas de preparación, uso e almacenamento do produto trala apertura do envase, segundo proceda.

5. Prohíbese a publicidade dos alimentos destinados a usos médicos especiais, aínda que se autoriza a información a profesionais sanitarios. Os medios de información e promoción utilizados como soporte, xa sexan escritos, audiovisuais ou doutra natureza, terán carácter basicamente científico e estarán dirixidos e distribuírse con exclusividade a profesionais sanitarios.

Artigo 5. Información sobre comercialización dos produtos.

Para facilita-lo control eficaz dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais, a súa comercialización deberá ser obxecto de notificación á autoridade competente, de acordo co disposto no artigo 10 da Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de alimentos para réximes dietéticos e/ou especiais, aprobada polo Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, e da que foi aprobada a última modificación polo Real decreto 431/1999, do 12 de marzo.

Artigo 6. Productos procedentes de países terceiros.

Os produtos ós que se refire a presente disposición procedentes de países terceiros, deberán cumprir para a súa comercialización en España os requisitos establecidos neste real decreto.

Artigo 7. Réxime sancionador.

1. Sen prexuízo doutra normativa que puidera resultar de aplicación, as infraccións cometidas contra o establecido neste Real decreto serán obxecto de sanción administrativa, logo de instrucción do oportuno expediente administrativo, de acordo co previsto no capítulo VI do título I da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

2. En virtude do establecido no artigo 35.B).1.º da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, considérase falta grave o incumprimento das normas de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos recollidos nesta regulamentación técnico-sanitaria.

3. Así mesmo, con base no disposto no artigo 35.C).1.º da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, considerárase falta moi grave a comercialización de produtos obxecto de regulación por este real decreto que incumpran os criterios de composición especificados no anexo.

Disposición transitoria única. Prórroga de comercialización.

Os produtos alimenticios ós que se refire o presente real decreto que non se axusten ó establecido nel, pero que cumpran o disposto na normativa vixente na data da súa entrada en vigor, poderán seguir comercializándose ata o 30 de outubro de 2001.

Disposición derogatoria única. Disposicións que se derrogan.

Quedan derogados os números 3.2.2, 3.2.4, 3.2.5, 3.2.6 e 3.4 do artigo 3 da Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais, aprobada mediante o Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

O presente real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e de acordo co establecido nos artigos 40.2 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, excepto o artigo 6, que se dicta en virtude da competencia exclusiva do Estado en materia de comercio exterior e sanidade exterior, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a e 16.^a da Constitución e de acordo co artigo 38 da citada Lei 14/1986, do 25 de abril.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase a ministra de Sanidade e Consumo para que, mediante orde e logo de informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, modifique ou actualice o anexo do presente real decreto, para adecualo á normativa europea.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

ANEXO

Composición esencial dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais

As especificacións refírense ós produtos listos para o consumo, comercializados como tales ou reconstituídos de acordo coas instrucións do fabricante.

1. Os produtos ós que se fai referencia na alínea a) do número 2 do artigo 2 destinados especificamente ós lactantes conterán as vitaminas e as substancias mineiras enumeradas no cadro 1.

2. Os produtos ós que se fai referencia na alínea b) do número 2 do artigo 2 destinados especificamente ós lactantes conterán as vitaminas e substancias mineiras enumeradas no cadro 1, agás se o uso ó que van destinados os produtos esixe modificacións en relación con un ou varios destes nutrientes.

3. Os niveis máximos de vitaminas e substancias mineiras presentes nos produtos ós que se fai referencia na alínea c) do número 2 do artigo 2 destinados especificamente ós lactantes non superarán os especificados no cadro 1, agás se o uso ó que van destinados os produtos esixe modificacións en relación con un ou varios destes nutrientes.

4. Sen prexuízo dos requisitos dictados polo seu uso previsto, os alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais elaborados especificamente para lactantes cumpriran as disposicións relativas a outros nutrientes que son de aplicación para os preparados para lactantes e preparados de continuación, segundo o caso, establecidos no Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro.

5. Os produtos ós que se fai referencia na alínea a) do número 2 do artigo 2 que non estean destinados especificamente ós lactantes conterán as vitaminas e as substancias mineiras enumeradas no cadro 2.

6. Os produtos ós que se fai referencia na alínea b) do número 2 do artigo 2 que non estean destinados especificamente ós lactantes conterán as vitaminas e substancias mineiras enumeradas no cadro 2, agás se o uso ó que van destinados os produtos esixe modificacións en relación con un ou varios destes nutrientes.

7. Os niveis máximos de vitaminas e substancias mineiras presentes nos produtos ós que se fai referencia na alínea c) do número 2 do artigo 2 que non estean destinados especificamente ós lactantes non superarán os especificados no cadro 2, agás se o uso ó que van destinados os produtos esixe modificacións en relación con un ou varios destes nutrientes.

CADRO 1

Contido de vitaminas, mineiras e oligoelementos nos alimentos nutricionalmente completos destinados ós lactantes

	Por 100 kJ		Por 100 kcal	
	Mínimo	Máximo	Mínimo	Máximo
	<i>Vitaminas</i>			
Vitamina A (µg ER).	14	43	60	180
Vitamina D (µg).	0,25	0,75	1	3
Vitamina K (µg).	1	5	4	20
Vitamina C (mg).	1,9	6	8	25
Tiamina (mg).	0,01	0,075	0,04	0,3
Riboflavina (mg).	0,014	0,1	0,06	0,45
Vitamina B ₆ (mg).	0,009	0,075	0,035	0,3

	Por 100 kJ		Por 100 kcal	
	Mínimo	Máximo	Mínimo	Máximo
Niacina (mg EN).	0,2	0,75	0,8	3
Ácido fólico (µg).	1	6	4	25
Vitamina B ₁₂ (µg).	0,025	0,12	0,1	0,5
Ácido pantoténico (mg).	0,07	0,5	0,3	2
Biotina (µg).	0,4	5	1,5	20
Vitamina E (mg α-ET).	0,5/g de ácidos graxos poliinsaturados expresados como ácido linoleico, pero en ningún caso menos de 0,1 mg por 100 kJ disponibles	0,75	0,5/g de ácidos graxos poliinsaturados expresados como ácido linoleico, pero en ningún caso menos de 0,5 mg por 100 kcal disponibles	3
<i>Minerais</i>				
Sodio (mg).	5	14	20	60
Cloruro (mg).	12	29	50	125
Potasio (mg).	15	35	60	145
Calcio (mg).	12	60	50	250
Fósforo (mg) ¹ .	6	22	25	90
Magnesio (mg).	1,2	3,6	5	15
Ferro (mg).	0,12	0,5	0,5	2
Zinc (mg).	0,12	0,6	0,5	2,4
Cobre (µg).	4,8	29	20	120
Iodo (µg).	1,2	8,4	5	35
Selenio (µg).	0,25	0,7	1	3
Manganeso (mg).	0,012	0,05	0,05	0,2
Cromo (µg).	—	2,5	—	10
Molibdeno (µg).	—	2,5	—	10
Fluoruro (mg).	—	0,05	—	0,2

¹ A proporción calcio/fósforo non será inferior a 1,2 nin superior a 2,0.

CADRO 2

Contido de vitaminas, mineiras e oligoelementos nos alimentos nutricionalmente completos que non estean destinados ós lactantes

	Por 100 kJ		Por 100 kcal	
	Mínimo	Máximo	Mínimo	Máximo
<i>Vitaminas</i>				
Vitamina A (µg ER).	8,4	43	35	180
Vitamina D (µg).	0,12	0,65/0,75 ¹	0,5	2,5/3 ¹
Vitamina K (µg).	0,85	5	3,5	20
Vitamina C (mg).	0,54	5,25	2,25	22
Tiamina (mg).	0,015	0,12	0,06	0,5
Riboflavina (mg).	0,02	0,12	0,08	0,5
Vitamina B ₆ (mg).	0,02	0,12	0,08	0,5
Niacina (mg EN).	0,22	0,75	0,9	3
Ácido fólico (µg).	2,5	12,5	10	50
Vitamina B ₁₂ (µg).	0,017	0,17	0,07	0,7

	Por 100 kJ		Por 100 kcal	
	Mínimo	Máximo	Mínimo	Máximo
Ácido pantoténico (mg).	0,035	0,35	0,15	1,5
Biotina (µg).	0,18	1,8	0,75	7,5
Vitamina E (mg α-ET).	0,5/g de ácidos graxos poliinsaturados expresados como ácido linoleico, pero en ningún caso menos de 0,1 mg por 100 kJ dispoñibles	0,75	0,5/g de ácidos graxos poliinsaturados expresados como ácido linoleico, pero en ningún caso menos de 0,5 mg por 100 kcal dispoñibles	3
<i>Minerais</i>				
Sodio (mg).	7,2	42	30	175
Cloruro (mg).	7,2	42	30	175
Potasio (mg).	19	70	80	295
Calcio (mg).	8,4/12 ¹	42/60 ¹	35/50 ¹	175/250 ¹
Fósforo (mg).	7,2	19	30	80
Magnesio (mg).	1,8	6	7,5	25
Ferro (mg).	0,12	0,5	0,5	2
Zinc (mg).	0,12	0,36	0,5	1,5
Cobre (µg).	15	125	60	500
Iodo (µg).	1,55	8,4	6,5	35
Selenio (µg).	0,6	2,5	2,5	10
Manganeso (mg).	0,012	0,12	0,05	0,5
Cromo (µg).	0,3	3,6	1,25	15
Molibdeno (µg).	0,72	4,3	3,5	18
Fluoruro (mg).	—	0,05	—	0,2

¹ Para produtos destinados a nenos de un a dez anos de idade.

MINISTERIO DE DEFENSA

11121 REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas. («BOE» 142, do 14-6-2000.)

O tempo transcorrido desde a entrada en vigor da Lei 28/1975, do 27 de xuño, sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, dictada en virtude do mandato contido inicialmente na Lei 193/1963, do 28 de decembro, de bases da Seguridade Social, e concretado despois no artigo 10 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 2065/1974, do 30 de maio, levou consigo numerosas modificacións no seu texto, tanto de maneira directa a través da nova redacción dalgúns dos seus preceptos, como de forma indirecta mediante disposicións legais que viñeron variar ou complementalo seu contido, resultando nestes últimos aspectos de especial relevancia a renovación levada a cabo na lexislación reguladora do persoal das Forzas Armadas e do Corpo da Garda Civil.

O artigo 62 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, autorizou o Goberno para que, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor da dita lei, procedera á elaboración, entre outros, dun texto refundido que regularizase, aclárase e harmonizase a Lei 28/1975 e as súas modificacións posteriores coas disposicións que incidisen no ámbito do mutualismo administrativo contidas en norma con rango de lei, prazo que a disposición adicional segunda da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, prorroga ata o 30 de xuño do presente ano 2000.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa conformidade do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xuño de 2000,

DISPOÑO:

Artigo único.

Apróbese o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas que figura como anexo.

Disposición derradeira única.

O presente texto refundido entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,
FEDERICO TRILLO-FIGUEROA Y MARTÍNEZ-CONDE

ANEXO

Texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

O réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas réxese polo disposto na presente lei e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento, así como pola lexislación de clases pasivas do Estado.

Artigo 2. *Mecanismos de cobertura.*

Este réxime especial queda integrado polos seguintes mecanismos de cobertura:

- O réxime de clases pasivas do Estado, de acordo coas súas normas específicas.
- O regulado na presente lei.

Artigo 3. *Campo de aplicación.*

1. Quedan obrigatoriamente incluídos no campo de aplicación deste réxime especial:

- Os militares de carreira das Forzas Armadas.
- Os militares de complemento, mentres manteñan a súa relación de servicios coas Forzas Armadas.
- Os militares profesionais de tropa e mariñeiría, mentres manteñan a súa relación de servicios coas Forzas Armadas.